



CONCELLO DE PONTE CALDELAS

RESOLUCION Nº 332/2016 nº. 2899



SELECCIÓN DE UN SOCORRISTA PARA O SERVIZO “VIXIANCIA NA PRAIA FLUVIAL DE A CALZADA”

Visto o proceso selectivo que se está a levar a cabo no Concello de Ponte Caldelas para a contratación de tres socorristas, en réxime temporal, e de conformidade co Programa de fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración das entidades locais para a contratación de traballadores desempregados (regulado pola Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria; e conforme as bases de selección de data 2 de xuño de 2016 e as modificacións das citadas bases, de data 13/06/16, de 22/06/16 e de 29/06/16..

Vista as resolucións nº305, de data 29/06/16, e nº 307/16, de data 30/06/16, de selección dos socorristas José María Soliño Pérez e José Alberto Durán Cortegoso.

Visto o novo listado, consecuencia da ampliación da oferta, de data 01/07/16

Visto que, dada a insuficiencia de tempo, os candidatos do citado listado comunicaron que non se presentaban ao proceso selectivo por iniciar un contrato de traballo en xullo.

Visto o informe da asesora externa, D^a. Andrea Pérez de Sousa, voluntaria de protección civil de Vilaboa, de data 8 de xullo do presente ano.

Vista a Acta Tribunal Cualificador de data 8 de xullo de 2016, en virtude das puntuacións acadadas polos aspirantes das que se fai publicidade segundo a seguinte:

APELIDOS E NOME	FORMACION PROFESIONAL Max 2 puntos	EXPERIENCIA Max 3 puntos	EXAME(1) Max 5pts	PROBA PRÁCTICA Max 7 pts	PUNTUACION FINAL
Domínguez Piñeiro, Marcia	1	0,21	5	7	13,21

Vistas as miñas competencias segundo o establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/85.

RESOLVO:

Primeiro.- Seleccionar a Marcia Domínguez Piñeiro para a praza de socorrista para a realización do servizo “Vixiancia Na Praia Fluvial de A Calzada”, quedando o servizo composto polos socorristas:

- Domínguez Piñeiro, Marcia
- Durán Cortegoso, José Alberto
- Soliño Vázquez, José María

Non existindo suplentes neste proceso

Segundo.- O nomeamento de Marcia Domínguez Piñeiro no seu posto, e a formalización do correspondente contrato de traballo **dende o 09/07/16 e ata o 31/08/16**; coas formalidades e requisitos esixidos pola normativa aplicable.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución na forma prevista nas bases de selección de 2 de xuño de 2016.

Ponte Caldelas, 8 de xullo de 2016

O Alcalde,

Asdo.: Andrés Díaz Sobral

Vº. A secretaria Accidental,

Asdo.: Iria Fernández Peón